

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Nº EXPEDIENTE	2024066693
ASUNTO	RESIDENCIAS ARTÍSTICAS NOVOS VALORES DO MUSEO E PONTEVEDRA EN COLABORACIÓN CON MADRID DESTINO, CULTURA, TURISMO Y NEGOCIO, S.A., E A FONDATION WALTER & NICOLE LEBLANC.
TRÁMITE	Resolución Presidencial concesión das Residencias Artísticas Novos Valores

O Vicepresidente, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte Resolución:

Resultando que mediante Resolución Presidencial núm. 2024009488, de data 12 de decembro de 2024 (CSV: KDA51XYS85E9C4HY), apróbanse as bases do *Certame de Residencias Artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración con Madrid Destino, Cultura, Turismo y Negocio, S.A., e a Fondation Walter & Nicole Leblanc*.

Conforme o recollido nas 15ª base que rexe o procedemento, mediante a Resolución Presidencial núm. 2025000902, de data 04 de febreiro de 2024 (CSV):TMFUO03RXPBP3KDB, foi designada a Comisión seleccionadora para valorar as solicitudes presentadas no marco da convocatoria de Residencias Artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración co Centro de Residencias Artísticas de Matadero Madrid con Madrid Destino Cultura Turismo y Negocio, S.A. e a Fondation Walter & Nicole Leblanc; a dita comisión foi integrada polas persoas que se detallan a continuación:

- Presidente: D. Carlos Cuadrado Romay. Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra
- Vogais: Dna. Luisa Espino. Responsable de Programa / Centro de Residencias Artísticas Matadero Madrid; Dna. María Inés Rodríguez. Directora da Fondation Walter & Nicole Leblanc. Bruselas; Dna. Ángeles Tilve Jar. Directora do Museo de Pontevedra; Dna. Agar Ledo Arias. Técnica de Procesos de Información do Museo de Pontevedra e Dna. Beatriz de San Ildefonso Rodríguez. Conservadora de Fondos Xerais do Museo de Pontevedra.
- Secretaria: Dna. Cruz Farto Justo, xefa de xestión do Museo de Pontevedra.

Con data de 10 de febreiro de 2025, a Comisión Seleccionadora reuniuse para o análise das solicitudes presentadas no procedemento de referencia, adoptando o seguinte acordo:

Rúa Pasantería, 2. 36002 Pontevedra / Tel. +34 986 804 100 / secretaria.museo@depo.gal / www.museo.depo.gal



RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Primeiro.- Admitir ós/ás participantes que se relacionan a continuación por cumprir con todos os requisitos establecidos nas bases que rexen a convocatoria:

- D. Marcos Divos Augado
- Dna. Nerea Cordeiro Cerviño
- D. Francisco Matias Daporta González
- Dna. Estefanía Viyella Oubiña
- D. Carlos Fernández López
- Dna. Andrea Dávila Louro
- D. Iago Fontoira Araujo
- D. Abraham Alonso Médez

Segundo.- Valorar cada una das solicitudes para o seu análise e avaliación segundo os criterios establecidos nas bases que regulan a convocatoria, e, tras a deliberación, por unanimidade da comisión, outórganse as seguintes puntuacións a cada unha das persoas participantes.

1. CRITERIOS AUTOMÁTICOS, ata un máximo de 10 puntos

NOME E APELIDOS	TITULOS SUPERIORES	PUNTOS (Max.5)	SEGUNDA TITULACIÓN (postgrado, maestría, doctorado)	PUNTOS (Max.3)	OUTRAS FORMACIÓN (Cursos, seminarios...)	PUNTOS (Max.2)	TOTAL PUNTOS
Marcos Dios Aguado	Título superior de arte dramático	5	Diplomado en Muñecoterapia	3	Beca Academia Europea de Marioneta	1	9
Nerea Cordeiro	Grao en Belas Artes de Vigo	5	Máster Universitario en Investigación en Arte e Creación	3	Curso de debuxo e escultura en bronce y Congreso Internacional Interuniversitarios	2	10
Fco. Matías Daporta González	BA Arte Amsterdam	5	Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual	3	Post-grado de Experto Universitario en Xestión e Innovación Cultural	2	10
Estefanía Viyella Oubiña	Licenciatura en Artes Plásticas	5	Máster en Deseño Gráfico e Entornos Dixitais	3	Beca disciplina artes visuais (pintura)	1	9
Carlos Fernández López	Grao en Belas Artes de Vigo	5	Máster universitario en Debuxo e Creación Audiovisual	3	Máster universitario profesorado (Debuxo Imaxe e Artes Plásticas)	2	10
Andrea Dávila Rubio	Grao en Belas Artes de Vigo	5	Máster en investigación e Creación en Arte Contemporáneo	3	Máster en Profesorado Especialidad Arte e Debuxo	2	10
Iago Fontoira	Grao en Belas Artes de Vigo	5	Máster Dirección de Arte en Deseño	3	Máster Profesorado	2	10
Abraham Alonso Médez	Grao en Belas Artes de Vigo	5		0	Beca Risography	1	6





RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

2. CRITERIOS ARTÍSTICOS, ata un máximo de 90 puntos

Conforme o recollido na base 16ª recolle relativa á distribución dos criterios artísticos, outórganse as seguintes puntuacións:

1. FRANCISCO MATIAS DAPORTA GONZÁLEZ

Puntuacións:

- A calidade artística, coherencia, innovación e viabilidade do proxecto proposto: 25 puntos.
- A orixinalidade e dimensión experimental do proxecto presentado: 25 puntos.
- O fomento de prácticas sensibles á transformación de xénero, á natureza e ás culturas vernáculas: 20 puntos.
- A traxectoria artística profesional: valorarase o currículo de exposicións individuais e colectivas, obra en coleccións públicas e privadas, seleccións, premios e bolsas conseguidas en convocatorias de ámbito artístico: 19 puntos.

Conclusións:

Considérase que a memoria presentada é completamente viable para executar o proxecto durante o tempo de duración da residencia e lugares para o seu desenvolvemento. O artista presenta unha investigación moi desenvolvida, precisa, de gran calidade e coherencia.

É un proxecto pensado para tecer lazos artísticos, considerándose de gran importancia este aspecto. O desenvolvemento de proxecto conleva a que se deberá traballar de forma ardua a empatía.

Valórase moi positivamente a orixinalidade do proxecto e a súa dimensión ademais de ser un proxecto completamente relacionado co fomento de prácticas sensibles ao desenvolvemento persoal, moi traballado e moi ben plasmado na memoria.

Valórase moi positivamente a traxectoria profesional do artista, mostra na súa biografía as numerosas residencias nas que participou, os seus comisariados en diversas e importantes exposicións ademais do seu extenso labor de investigación.



RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Puntuación total: 89 PUNTOS

2. CARLOS FERNÁNDEZ LÓPEZ

Puntuacións:

- A calidade artística, coherencia, innovación e viabilidade do proxecto proposto: 23 puntos.
- A orixinalidade e dimensión experimental do proxecto presentado: 24 puntos.
- O fomento de prácticas sensibles á transformación de xénero, á natureza e ás culturas vernáculas: 20 puntos.
- A traxectoria artística profesional: valorarase o currículo de exposicións individuais e colectivas, obra en coleccións públicas e privadas, seleccións, premios e bolsas conseguidas en convocatorias de ámbito artístico: 16 puntos.

Conclusións:

A proposta presentada considérase ambiciosa e de alta calidade, sendo en gran parte executable e viable. Destácase de maneira moi positiva que traballe o concepto de "antipintura", que, no contexto do mercado artístico actual—onde a pintura figurativa é moi apreciada—representa unha achega orixinal ao proxecto. Ademais, suxírese investigar nos arquivos da fundación para profundar e enriquecer este concepto, o que podería abrir novas perspectivas de traballo. Doutra banda, é importante matizar o enfoque na cerámica e avaliar a súa plena viabilidade durante as residencias.

Valórase de forma positiva a orixinalidade do proxecto e a súa innovación, ademais de valorarse de forma moi positiva o fomento de prácticas co autóctono, as prácticas vernáculas, fomentando a tradición máis auténtica.

En canto á súa biografía, valórase moi positivamente os premios conseguidos e o ter obras propias que forman parte de importantes coleccións.

Puntuación total: 83 PUNTOS



3. ANDREA DÁVILA RUBIO

Puntuacións:

- A calidade artística, coherencia, innovación e viabilidade do proxecto proposto: 20 puntos.
- A orixinalidade e dimensión experimental do proxecto presentado: 20 puntos.
- O fomento de prácticas sensibles á transformación de xénero, á natureza e ás culturas vernáculas: 10 puntos.
- A traxectoria artística profesional: valorarase o currículo de exposicións individuais e colectivas, obra en coleccións públicas e privadas, seleccións, premios e bolsas conseguidas en convocatorias de ámbito artístico: 17 puntos.

Conclusións:

A proposta presentada considérase interesante, executable e ben presentada, aínda que se bota en falta que se detalle tecnicamente o que se quere levar a cabo, bótanse en falta os materiais que se van a utilizar e que son necesarios para executar. Isto conleva a que a proposta no seu inicio considérese viable con todo sería necesario coñecer a súa produción.

Valórase positivamente a orixinalidade de proxecto, está aliñada coas tendencias, é innovador e fomenta, en parte, practicas sensibles coa natureza, aínda que se bota en falta un maior desenvolvemento das mesmas.

Valórase moi positivamente a súa traxectoria profesional, baseada na obtención de numerosos premios, así como obras propias integradas en diversas e importantes coleccións.

Puntuación total: 67 PUNTOS

4. NEREA CORDEIRO CERVIÑO

Puntuacións:

- A calidade artística, coherencia, innovación e viabilidade do proxecto proposto: 15 puntos.





RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

- A orixinalidade e dimensión experimental do proxecto presentado: 14 puntos.
- O fomento de prácticas sensibles á transformación de xénero, á natureza e ás culturas vernáculas: 9 puntos.
- A traxectoria artística profesional: valorarase o currículo de exposicións individuais e colectivas, obra en coleccións públicas e privadas, seleccións, premios e bolsas conseguidas en convocatorias de ámbito artístico: 14 puntos.

Conclusións:

A proposta presentada considérase escasa e pouco evolutiva, aínda que con certa innovación.

É unha práctica moi destinada á exposición durante tres meses e ese non é o obxecto da residencia. Na súa memoria céntrase na parte expositiva deixando sen definir a execución da súa obra durante a residencia.

Bótase en falta que non se desenvolva nada sobre prácticas sensibles á transformación de xénero, natureza ou culturas vernáculas. Considérase un proxecto de pouca orixinalidade.

Valóranse positivamente aspectos da súa traxectoria profesional, baseada na obtención de numerosos premios.

Puntuación total: 44 PUNTOS

5. MARCOS DIVOS AUGADO

Non se considera un proxecto viable nin adaptado á convocatoria para proceder á súa valoración cos criterios establecidos nas bases.

6. ESTEFANÍA VIYELLA OUBIÑA

Non se considera un proxecto viable nin adaptado á convocatoria para proceder á súa valoración cos criterios establecidos nas bases.

7. IAGO FONTOIRA ARAUJO

Non está ben argumentado nin deseñado, non se adapta ás bases da convocatoria.

Rúa Pasantería, 2. 36002 Pontevedra / Tel. +34 986 804 100 / secretaria.museo@depo.gal / www.museo.depo.gal



8. ABRAHAM ALONSO MÉNDEZ

Presenta unha memoria da súa práctica sen desenvolver, non sendo posible avaliála por parte da comisión seleccionadora, non axustándose aos criterios establecidos nas bases.

O resumo das puntuacións outorgadas son as que se recollen a continuación:

PARTICIPANTES	VALORACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	VALORACIÓN CRITERIOS ARTÍSTICOS	PUNTUACIÓN TOTAL
Francisco Matias Daporta González	10	89	99
Carlos Fernández López	10	83	93
Andrea Dávila Rubio	10	67	77
Nerea Cordeiro Cerviño	10	44	54
Marcos Dios Aguado	9	-----	9
Estefanía Viyella Oubiña	9	-----	9
Iago Fontoira ARaujo	10	-----	10
Abraham Alonso Méndez	6	-----	6

En base ao exposto, de forma unánime, a comisión de valoración acorda propor que se outorguen as residencias artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración co Centro de residencias artísticas de Matadoiro Madrid - Madrid Destino Cultura Turismo e Negocio, S.A e a Fondation Walter & Nicole Leblanc ás persoas que obtiveron as mellores puntuacións e que son as que se indican a continuación:

- D. Francisco Matías Daporta González
- D. Carlos Fernández López

Terceiro.- Acordase pola comisión que, no caso de que algún dos seleccionados renuncie á súa participación na residencia, propoñeráselle a participación na mesma á persoa que quedou en terceiro lugar, Dna. Andrea Davila Duro.

Resultando que con data de 25 de febreiro de 2025, D. Francisco Matías Daporta González remite o Museo a súa renuncia a participar na residencia Novos Valores, e, en consecuencia, propónse a participación a Dna. Andrea Dávila Duro.



RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Tendo en conta o anteriormente exposto, polas facultades que me atribúen a Resolución Presidencial núm. 2025000361, de data 20 de xaneiro de 2025, de delegación de competencias e, de conformidade co disposto na base 17ª da devandita convocatoria, RESOLVO:

Outorgar as residencias artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración co Centro de residencias artísticas de Matadoiro Madrid - Madrid Destino Cultura Turismo e Negocio, S.A e a Fondation Walter & Nicole Leblanc ás persoas que se relacionan a continuación:

- D. Carlos Fernández López
- Dna. Andrea Dávila Rubio

En Pontevedra, na data da sinatura dixital

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

MUSEO .-

